



Xenovés nacido no ano 1961, **Claudio Pozzani** é un poeta, músico, performer e novelista italiano de proxección internacional, tendo participado nos festivais literarios e feiras do libro máis importantes de Europa, Asia, África, Suramérica e Norteamérica.

Entre os seus libros publicados encóntranse edicións bilingües (italiano-francés) saídas en Francia como a selección de poemas titulada *Saudade & Spleen* (que xa vai pola terceira edición) ou *Cette page déchirée*. É autor tamén dun libro de relatos *-Racconti dai piedi freddi [Contos dos pés fríos]-* e de dúas novelas: *Angolazioni Temporalis [Ángulos temporais]* e *Kate ed io [Kate e mais eu]*. Máis recentemente, concretamente no ano 2010, publicou en CD o proxecto poético *La Marcia dell'Ombra [A marcha da sombra]* cos músicos Fabio Vernizzi e Andrea Vialardi, un anovador traballo froito dos seus espectáculos poéticos, que se distribuíu por toda Europa e chegou á duodécima posición nos 100 da radio independente italiana, por primeira vez para un disco de poesía. Alén diso, textos seus foron traducidos a máis de dez linguas e aparecen en antoloxías e revistas especializadas de ámbito internacional.

Como xestor cultural, Pozzani é dende 1983 o fundador e director do *Circolo dei Viaggiatori nel Tempo*, unha plataforma dende a que é creador e organizador de numerosas manifestacións internacionais de poesía tanto en Italia coma no exterior.

A MULLER DAS BÁGOAS DOCES

*Es a muller das bágoas doces
Cada aceno teu é unha chama lixeira
Es a sombra, es o gato que escapa e que volve
Es o impacto do tren contra as pólas saíntes
Un alambique cheo de mercurio e xofre
ferve de noite entre os teus seos perfectos
Cantos alquimistas perderon os pulmóns
perseguinto os ríos do teu corpo suado!
Es a muller que dita o ritmo das estacións,
que me divide a espera entre un e outro latexo
Es Venus que nace dun alude de lava
Es Psique que ten sempre acesa esa luz
Pisas a terra e nin sequera te decatas
que a cada pegada túa cobra vida un xardín
Polo teu cabelo o vento dálle as grazas a Deus
por terlle agasallado cun obxecto de vida.*

← (CLAUDIO POZZANI)

Luns 22 de abril
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Manuel Forcadela



Máis coñecido como **Manuel Forcadela**, Manuel Santiago Fernández Álvarez tomou o seu pseudónimo literario do nome da aldea onde nacera, no concello de Tomiño, en 1958. Doutorouse en Filoloxía Galaico-Portuguesa pola Universidade de Santiago cunha tese sobre a poesía de Eduardo Pondal. Catedrático de Lingua e Literatura Galegas de Ensino Medio en excedencia, na actualidade exerce como Profesor Titular na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Do mesmo xeito, traballou como profesor invitado na CUNY (City University of New York).

Ademais de xestionar un dos pioneiros blogs literarios galegos (oximnasideacademo.wordpress.com), como escritor colabora habitualmente en revistas e xornais, e é autor de máis dunha vintena de obras que abranguen a poesía, a narrativa e o ensaio literario. Centrándonos na súa obra poética, debemos remontarnos ao ano 1982 para situar o seu debut literario. *A Ferida acústica de río* séguese, en 1985, *O regreso das ninfas*, que acadou edición bilingüe galego-castelán en 2001. En 1988 ve a luz *O varredor en outono*, e no 1992 fano *Nausícaa* e *Profecía*. Nos tres primeiros anos do novo século saen *Morte do fadista*, *Lámpada e medusa* e *Refutación da musa*, que tamén conseguirá editarse en galego-castelán. Tras *Música de cinza* (2008), os dous últimos poemarios do autor son descargables en edición dixital no seu propio blog, e titúlanse *Xardín queimado* (2012) e *Sales do ano doce* (2013).

*bebían os cabalos na fonte xunto a nós
E viñan nubes breves turrando do verán
Distantes perseguindo a sombra das maceiras
Os ecos que deixaban na brisa acordeóns
Que alguén tocaba en orfas penumbras portuguesas
E Electra dixo deixa
Lasciate ogni speranza
Que o poeta está manchado pola culpa
Do mar pola orela mireino pasar
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
A rebolos na lameira das palabras*



(MANUEL FORCADELA)

Luns 22 de abril
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Claudio Pozzani

